



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO

- **Apertura do prazo de solicitude de admisión para o curso 2023/24**

Ábrese o prazo de solicitude correspondente ao alumnado que desexa cursar estudos o curso académico 2023/24 no noso centro e que actualmente non está matriculado nel, nin nas escolas adscritas.

O prazo abrangue do 1 ata o 20 de marzo de 2023

A solicitude deberase presentar no centro educativo solicitado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a **SEDE ELECTRÓNICA**, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital, **sendo esta a canle preferible de presentación**. <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> neste último, deben rexistrar a solicitude e acompañala con copias da documentación.

Documentación:

Recomendamos entregar toda a documentación acreditativa de méritos puntuables no momento de presentación desta solicitude para poder aplicar o baremo correspondente, no caso de haber máis solicitudes que prazas, e para valorar se teñen dereito lexítimo aos servizos complementarios, no caso de solicitalos.

- Impresos de solicitude (ED550B- anexo II)
- DNI dos pais, do alumno/a e dos membros computables da unidade familiar.
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- Tarxeta sanitaria do alumno/a.
- Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano natural anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- Carnet ou documento que acredite a condición de familia numerosa e/ou monoparental se procede.
- Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero.
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da familia **non** expedido pola Administración autonómica.
- Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que as persoas proxenitoras ou titoras carezan de DNI ou NIE.

De toda a documentación relacionada, DEBERÁN TRAER XA FEITAS AS COPIAS xunto cos documentos orixinais para poder proceder ao cotexo dos mesmos.

HORARIOS DO CENTRO	
7:30h	BOS DÍAS COLE (ANPA) Dende as 07:30h ata as 09:45h.
9:45h– 14:45h	HORARIO LECTIVO
14:45h-15:30h	SERVIZO DE COMEDOR (XESTIÓN DIRECTA) de 15:30 en diante Actividades ANPA e CONCELLO.
16:30h	SAÍDA TRANSPORTE ESCOLAR

- **TRANSPORTE ESCOLAR:** Servizo gratuíto para alumnado que vive a máis de 2 km do centro. As prazas libres poden ser solicitadas polo resto do alumnado da área de influencia do centro.
- **COMEDOR ESCOLAR:** Servizo de pago segundo renda. Dependente da Consellería de Educación.
O alumnado de infantil da área de influencia das unitarias e o de outros concellos **non ten dereito aos servizos complementarios.**

XORNADA PORTAS ABERTAS: 6 DE MARZO ÁS 17:00H